

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 09 DE SETEMBRO DO 2021.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: MARTINEZ DE LLANO OROSA JOSE</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Nove de Setembro do Dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Queda sobre a mesa a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 12/08/2021

2.- ACORDO INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS, S.L.

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Axiña Servizos Deportivos, S.L. para a prestación do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2020 declarouse a imposibilidade da execución do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira dende a data



de 1 de maio de 2020, de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que o contrato quedou suspendido ata que a prestación poida renovarse.

Visto que por Decreto de data 2 de marzo se levantou a suspensión sobre dito contrato, pero que dito levantamento non afectou á totalidade das prestacións obxecto do contrato.

Visto o escrito presentado por Axiña Servizos Deportivos, S.L. na data 10 de agosto de 2021 no que solicita a indemnización de danos e prexuízos establecida no artigo 34.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2020 para o período de xuño de 2021, que ascende a 3.554,14 euros.

Visto o informe de intervención de data 02/09/2021.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 02/09/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización de danos e prexuízos do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira correspondente ao mes de xuño de 2021, a favor da concesionaria Axiña Servizos Deportivos, S.L. por un importe de 3.554,14 euros.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga por dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 342.22707 e ordenar o pago da mesma.

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/199

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 17/08/2021 "Decreto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE AGRELO (OLVEIRA-OLEIROS)""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/203

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 17/08/2021 "Decreto: Audiencia ó contratista e ó director das obras do "PROXECTO DE INSTALACIÓN, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA, REFORMULADO""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/256

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 23/08/2021 "Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato de "SERVIZOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA



E CENTROS ESCOLARES””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/258

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 23/08/2021 “Decreto: APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS DE “MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA””

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/267

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/08/2021 “Decreto: Aprobación do Plan de seguridade e saúde e do Plan de residuos das obras do proxecto denominado “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO EDIFICIO DA UAD (RIBEIRA)””

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/277

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/08/2021 “Decreto: EXCLUSIÓN DO SEGUNDO CLASIFICADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN Ó SEGUINTE CLASIFICADO, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROXECTO DE COMPOSTAXE COMUNITARIO E COMPOSTAXE DOMÉSTICO NO CONCELLO DE RIBEIRA””

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/278

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/08/2021 “Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN PARA OS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBEIRA””

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/352

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 31/08/2021 “Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “PÉRGOLA PARA APEADOIRO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES NA AVENIDA DO MALECÓN (RIBEIRA)””

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/016

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/09/2021 “Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en



principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS NA RÚA TRANSVERSAL Á AVENIDA RAMIRO CARREGAL (POLÍGONO DE XARÁS)””

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/017

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/09/2021 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA “ACTUACIÓNS PARA A MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CAPTACIÓN DE AUGAS DO RÍO SIEIRA E ADAPTACIÓN ÁS ESIXENCIAS AMBIENTAIS DERIVADAS DO MANTENIMENTO DO CAUDAL ECOLÓXICO””

13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/036

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/09/2021 “Decreto: Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras do proxecto denominado “RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO VILAR (PALMEIRA)””

14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/038

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/09/2021 “Decreto: Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras do proxecto denominado “ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO CONSERVATORIO DE AGUIÑO: CREACIÓN DE APARCAMENTO E PAVIMENTACIÓN DA RÚA LINDEIRA, CAMBIO DE LOCALIZACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL E PINTADO DA FACHADA””

15.- BAIXA POSTO Nº 7 MERCADO MUNICIPAL PALMEIRA -Mª Dolores Figueirido Pardavila

Visto o escrito presentado por **María Dolores Figueirido Pardavila**, de data 26/08/2021 (Rexistro de entrada nº 14.891), no que solicita a baixa como titular do posto nº 7, dedicado á venda de peixe, do Mercado Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar a baixa** de María Dolores Figueirido Pardavila como titular do **posto nº 7**, dedicado á venda de peixe, do Mercado Municipal de Palmeira

16.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - JOSÉ MANUEL CASAIS FERNÁNDEZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de vivenda unifamiliar de planta baixa.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcelo Rural B e Solo de Núcleo Rural C.

SITUACIÓN: Lugar de Goda, Perdigoteira, Artes, Ribeira.



REFª CATASTRAL: 15074A802000340000ZW.

PROMOTOR/A: Sr. José Manuel Casais Fernández, (D.N.I. 52.937.335-Y) e Sra. Irene Callón Sanda, (D.N.I. 53.484.481-M).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916).

PROXECTO: Proxecto Básico de agosto de 2021.

COMPROMISO DE AUTORIZACIÓN DE ADOSE: Compromiso de autorización de adose asinado o día 21 de outubro de 2020.

OFICIOS: Compromiso de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 104.911,76 €.

Visto os escritos presentados polo Sr. **José Manuel Casais Fernández**, (D.N.I. 52.937.335-Y) e Sra. **Irene Callón Sanda**, (D.N.I. 53.484.481-M), rexistrados de entrada os días 7 de decembro de 2020, 29 de xaneiro, 23 de xuño e 16 de agosto de 2021, (Registro de entrada nº 16.624, 1.334, 11.052 e 14.280), mediante os que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, no lugar de Goda, Artes, Perdigoteira, Ribeira, na Finca B resultante da licenza de segregación nº 1/21, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de xaneiro de 2021, achegándose Proxecto Básico de agosto de 2021 redactado polo Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916) así Compromiso de autorización de adose asinado o día 21 de outubro de 2020.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez con sinatura dixital de día 6 de setembro de 2021, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/09/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. José Manuel Casais Fernández e á Sra. Irene Callón Sanda, **LICENZA DE OBRAS (Nº 22/21)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Goda, Artes, Perdigoteira, Ribeira, na Finca B resultante da licenza de segregación nº 1/21, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de xaneiro de 2021, nos termos do Proxecto Básico de agosto de 2021 redactado polo Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos**.
- Deberá en relación á normativa de incendios CTE DB-SI, revisar o plano de cumprimento do CTE DB-SI (Plano DC02), xa que os extintores non contan coa súa correspondente sinalización.
- Deberá facerse constar no rexistro da propiedade a vinculación do conxunto da superficie total da parcela que comprende a cualificación da ordenanza de SNR-B e de SNR-C2 á edificación autorizada, expresando a súa indivisibilidade.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde**.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da



actualización do Imposto sobre Bens Inmобles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/09/2021
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-Secretario en Funciones - 09/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/09/2021 14:50:25

DOCUMENTO: 20210742101
Fecha: 09/09/2021
Hora: 14:50



- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210742101
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/09/2021 JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-Secretario en Funciones - 09/09/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/09/2021 14:50:25		Fecha: 09/09/2021 Hora: 14:50



- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

17.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - REBECA CHOUZA ALONSO E FERNANDO MATO CADÓRNIGA.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e piscinaa.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcelo Rural B.

REFª CATASTRAL: 15074A042008710001LD.

SITUACIÓN: Lugar de Bretal, Olveira, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sra. Rebeca Chouza Alonso (DNI 53.489.539-A) e Sr. Fernando Mato Cadórniga (DNI 53.486.650-N).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Raúl Ares Fuertes, (arquitecto col. nº 3.051).

PROXECTO: Proxecto Básico de maio de 2021.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 112.158,73 €.

Visto o escrito presentados pola Sra. Rebeca Chouza Alonso (DNI 53.489.539-A) e Sr. Fernando Mato Cadórniga (DNI 53.486.650-N), rexistrado de entrada o día 13 de xullo de 2021, (Rexistro de entrada nº 12.372), mediante o que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e piscina, no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A042008710001LD achegándose Proxecto Básico de maio de 2021 redactado polo Sr. Raúl Ares Fuertes, (arquitecto col. nº 3.051).

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 2 de setembro de 2021, visto o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 6 de setembro de 2021, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/09/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Rebeca Chouza Alonso e ao Sr. Fernando Mato Cadórniga **LICENZA DE OBRAS (Nº 23/21)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PISCINA** no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A042008710001LD, nos termos do Proxecto Básico de maio de 2021 redactado polo Sr. Raúl Ares Fuertes, (arquitecto col. nº 3.051):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.***
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por **aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión en total de 92,13 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o **simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso***



reforzarlos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 812,43 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas*



de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

18.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - GENEROSA MARTÍNEZ BLANCO.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada.

REFª CATASTRAL: Escritura pública de agrupación das parcelas con refªcatastrais nº 15074A019013190000KP e nº 15074A019003840000KP autorizada polo Notario Sra. María Covadonga Vázquez López o día 1 de setembro de 2021.

SITUACIÓN: Estrada Xeral, Ameixida, Castiñeiras, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sra. Generosa Martínez Blanco (DNI 52.938.935-L).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183).

PROXECTO: Proxecto Básico de xullo de 2021.

OFICIOS: Compromiso de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 33.500,00 €.

Vistos os escritos presentados pola Sra. Generosa Martínez Blanco (DNI 52.938.935-L), rexistrados de entrada os días 9, 12 de xullo e 1 de setembro de 2021, (Rexistros de entrada nº 12.153, 12.236 e 15.175), mediante os que solicita licenza de obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita na Estrada Xeral, Ameixida, Castiñeiras, Ribeira, en parcela resultante da Escritura pública de agrupación das parcelas con refªcatastrais nº 15074A019013190000KP e nº 15074A019003840000KP autorizada polo Notario Sra. María Covadonga Vázquez López o día 1 de setembro de 2021, achegándose Proxecto Básico de xullo de 2021 redactado polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183).

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 27 de xullo de 2021, visto o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210742101
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/09/2021	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-Secretario en Funciones - 09/09/2021	Fecha: 09/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/09/2021 14:50:25		Hora: 14:50



Pereira o día 7 de setembro de 2021, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/09/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Generosa Martínez Blanco **LICENZA DE OBRAS (Nº 24/21)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Estrada Xeral, Ameixida, Castiñeiras, Ribeira, en parcela resultante da Escritura pública de agrupación das parcelas con ref^{as}catastrais nº 15074A019013190000KP e nº 15074A019003840000KP autorizada polo Notario Sra. María Covadonga Vázquez López o día 1 de setembro de 2021, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2021 redactado polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.**
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión en total de 31,50 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 199,65 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.**

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:



- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós



conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

19.- APROBACIÓN CONCORRENCIA PROCESO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO GALP

Visto o escrito presentado polo Alcalde do Concello de Ribeira, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/09/2021, relativo á relación á convocatoria de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca 2014-2020, Consellería do Mar, Xunta de Galicia (DOG nº 157, de data 17/08/2021).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento de “Proxectos de desenvolvemento local participativo dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Administración competente a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a remitir na data correspondente a xustificación da realización dos proxectos e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

20.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROXECTO: AULA GALEGA DE SAXOFÓN – PERÍODO OUTUBRO 2021/XUÑO 2022

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** da Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 03/09/2021, no que se solicita a aprobación de prezos públicos para a realización do proxecto “Aula Galega de Saxofón” - Período Outubro 2021/Xuño 2022.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/09/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes **prezos públicos**:

SAXOFÓN	ALUMNOS MÁXIMOS POR ENCONTRO	DURACIÓN POR ENCONTRO	PREZO XERAL POR ENCONTRO	PREZO ALUMNOS CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA
MODELO 1	11	60 MIN	58,00 €	50,00 €
MODELO 2	4	45 MIN	44,00 €	38,00 €
OINTES			15,00 €	GRATUITO

PIANO	ALUMNOS MÁXIMOS POR ENCONTRO	DURACIÓN POR ENCONTRO	PREZO XERAL POR ENCONTRO	PREZO ALUMNOS CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA
MODELO 1	3	60 MIN	58,00 €	50,00 €
MODELO 2	4	45 MIN	44,00 €	38,00 €
OINTES			15,00 €	GRATUITO



2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, así como nas dependencias do servizo organizador da actividade (Cmus Profesional de Riveira “Enrique Paisal”).

O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.

21.- APROBACIÓN DO CALENDARIO LABORAL 2021-2022 DO PERSOAL DO PROGRAMA DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL SERRA DO BARBANZA

Vista a proposta presentada por Juan Manuel Pazos Pérez, Director do Obradoiro de Emprego “Serra do Barbanza”, de data 03/09/2021, na que solicita a aprobación do Calendario Laboral 2021-2022 do persoal do programa de emprego de garantía xuvenil “Serra do Barbanza”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar o Calendario Laboral 2021-2022** do persoal do programa de emprego de garantía xuvenil “Serra do Barbanza”, según o contido da citada proposta.

22.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EJERCICIO 2021.

Vista a **proposta** de inicio de expediente subvencionador do Concelleiro Delegado de Deportes, Javier Ventura Sampedro Ageitos, de data 03/09/2021, na que propón a aprobación das bases da convocatoria de subvencions para a promoción de actividades deportivas, para apoiar as actividades de carácter deportivo desenvoltas durante o exercicio 2021 polos Clubes Deportivos do Concello de Riveira.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/09/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da convocatoria de subvencions para a promoción de actividades deportivas – Exercicio 2021.

23.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTO EN DIRECTO EN TERRAZA DE LOCAL DE HOSTALERÍA – CAFETERÍA “EL QUILLO”

VISTO o escrito presentado por Francisco Nogales Macías, en representación do establecemento **CAFETERÍA “EL QUILLO”**, de data 03/09/2021 (Rexistro de entrada 15.401), no que solicita permiso para a celebración dun concerto en terraza da Cafetería “El Quillo”, situada na Avenida da Coruña, 90 (Ribeira), o día 12 de setembro de 2021, en horario de 13:30h. a 16:30 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **CAFETERÍA “EL QUILLO”**, para a celebración dun concerto en terraza da Cafetería “El Quillo”, situada na Avenida da Coruña, 90 (Ribeira), o día 12 de setembro de 2021, en horario de 13:30h. a 16:30 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de



pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso **o representante de CAFETERÍA “EL QUILLO” (Francisco Nogales Macías – 28598088A)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás



esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SIXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

